

**Datos do Expediente:**

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - SPV	
Número expediente:	Documento:
CON/2024/8	CON18I02UV
3Q03 5W0Y 2I55 3Z4L 088V	

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

O Xefe do Servizo de Contratación, con data 27 de agosto de 2024, elevou a esta Alcaldía-Presidencia o informe-proposta que di:

“En relación ao expediente para a contratación das obras denominadas “Reparación asfáltica en camiños de Salgueiral, As Covas e outros”, en cumprimento do disposto na D. A. 2ª da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, emítese INFORME-PROPOSTA en base aos seguintes

### ANTECEDENTES

En data 16 de xaneiro de 2024, foi elaborado o proxecto das obras de “Reparación asfáltica en camiños de Salgueiral, As Covas e outros”, polo Arquitecto Técnico D. José Manuel Saavedra Pantín, da empresa Urbe Ingenia, S.L.

Este proxecto define con precisión o obxecto do contrato, que se pretende adjudicar mediante procedemento aberto simplificado, cun orzamento base de licitación de 174.999,00 € (IVE incluído) incluídos nos orzamentos municipais de 2024.

Constan no expediente a memoria xustificativa, o acordo de incoación (que inclúe a decisión de non dividir en lotes o contrato), o certificado de existencia de crédito e sobre o órgano de contratación, o prego de cláusulas administrativas, o informe de valoración dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira e a acta de replanteo previo.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

— Os artigos 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124 e 131 a 159 e as Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

— O Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

— O Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación pola Alcaldía de conformidade co disposto na D. A. 2ª LCSP.

Polo anteriormente exposto e de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, quen subscribe eleva á Alcaldía, previa fiscalización, a seguinte

**PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de contratación da obra denominada “Reparación asfáltica en camiños de Salgueiral, As Covas e outros”, mediante procedemento aberto simplificado, convocando a súa licitación.

**SEGUNDO:** Aprobar o gasto de 174.999,00 € (IVE incluído), como presuposto base de licitación, con cargo á aplicación orzamentaria 1532 61900 e código de proxecto 2024.2.PTO24.22.

**TERCEIRO:** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato.

**CUARTO:** Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**QUINTO:** Publicar no perfil de contratante toda a documentación esixida no artigo 63.3 da LCSP. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.”

Visto este informe-proposta, fiscalizado de conformidade pola Intervención Xeral deste Concello con data 9 de setembro de 2024 (documento IGA18I01A2), esta Alcaldía-Presidencia, en uso das competencias atribuídas pola D. A. 2ª da LCSP,

**RESOLVE**

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de contratación da obra denominada “Reparación asfáltica en camiños de Salgueiral, As Covas e outros”, mediante procedemento aberto simplificado, convocando a súa licitación.

**SEGUNDO:** Aprobar o gasto de 174.999,00 € (IVE incluído), como presuposto base de licitación, con cargo á aplicación orzamentaria 1532 61900 e código de proxecto 2024.2.PTO24.22.

**TERCEIRO:** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato.

**CUARTO:** Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**QUINTO:** Publicar no perfil de contratante toda a documentación esixida no artigo 63.3 da LCSP. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

*Ante min.  
(Dou fe da identidade do asinante)*